



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **TRABALLO FIN DE ESTUDIOS**

curso 2023/2024

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

ESPECIALIDADES:	Composición				ITINERARIOS:	Todos				
CARÁCTER:	Traballo Fin de Estudios				TIPO DE CLASE:	Titoría individual				
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:	Paz Pita				
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Paz Pita				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1
ECTS/CURSO.									Observacións:	-
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL	TITORÍA				
	Paz Pita				mpazpita@edu.xunta.gal	Xoves 11-12				

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS

DESCRITOR: Elaboración e defensa dun traballo de composición constituído por dúas obras musicais inéditas, unha para orquestra ou banda e outra para grupo de cámara, en que se amose o grao de coñecemento adquirido ao longo dos seus estudos, así como a súa aplicación. Elaboración e defensa dunha memoria xustificativa do traballo realizado.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os que corresponden a ter superado as diferentes disciplinas que conforman o currículo da especialidade.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T11, T13, T14, T15, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X5, X8, X10, X11, X12, X13, X15, X17, X18, X20, X21, X22, X23, X25, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC1, EC3, EC4, EC5, EC6, EC7, EC8, EC9, EC10, EC11
Ver a lista de descritores e competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, anexo III	

3. OBXECTIVOS

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Demostrar ter acadado as competencias propias de todas as materias cursadas ao longo dos estudos superiores da especialidade de Composición.	Todas
Demostrar a capacidade de realizar un traballo compositivo profesional e completo, dende a concepción orixinal da obra ata a presentación dos materiais adecuados para a realización do concerto, así como o posterior traballo de ensaios cos intérpretes e unha exposición/defensa pública do traballo realizado.	Todas



4. CONTIDOS

TEMAS	DESCRITOR
1. Obra orquestral	Composición dunha obra inédita para orquestra ou banda de duración entre 9 e 12 min. e estilo a libre elección do estudante. O proxecto deberá ser aceptado polo departamento e adaptado á agrupación asignada co orgánico indicado.
2. Obra camerística	Composición dunha obra inédita para agrupación de cámara de duración entre 7 e 10 min. e estilo a libre elección do estudante. O proxecto deberá ser aceptado polo departamento e adaptado á agrupación asignada.
3. Memoria	Redacción dunha memoria xustificativa do traballo compositivo presentado, que poderá realizarse en galego ou castelán e que deberá acompañarse dun resumo en galego, castelán e inglés. Extensión mínima: 10 páxinas en DIN A4 con letra Arial de 12 puntos con interlineado de 1,5 líneas, anexando aparte ilustracións, gráficos e similares. Realízase unha defensa oral da memoria diante do tribunal, que terá carácter público, cuns tempos máximos de 20 min. para a exposición e de 10 min. para a quenda de preguntas do tribunal.

O alumno deberá entregar en secretaría unha copia en papel debidamente encadernada e unha copia dixital en formato pdf de todos os apartados do seu TFE no prazo que se indique no *Protocolo para o desenvolvemento do Traballo Fin de Estudos* do centro.

Dado que a obra deberá ser interpretada públicamente, o alumno entregará tamén os materiais (partitura xeral e particellas) para os ensaios como máximo dous meses antes da data da interpretación pública.

O alumno deberá asistir a todos os ensaios das súas obras aos que se lle convoque, salvo indicación en contra do seu titor.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Traballo individual Composición das obras e redacción da Memoria.	0	258	258
Titoría Titorización de traballo individual nas horas establecidas por parte do titor.	30	0	30
Asistencia a ensaios Asistencia a ensaios das agrupacións	0	10	10
Actividades de avaliación: Defensa da Memoria e asistencia ao concerto público.	2	0	2
		TOTAL HORAS:	300



6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Obras para orquestra/banda e agrupación de cámara	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade dos traballos entregados: correcta aplicación de todos os conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade. • Coherencia entre as obras presentadas e a memoria e defensa oral. • Profesionalidade na presentación da partitura. 	Todas	80 %
Memoria	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade do traballo escrito: Adecuación dos contidos á extensión e características do traballo, equilibrio entre información e síntese, corrección na redacción e no uso da linguaxe, capacidade para expoñer argumentos técnicos propios da especialidade, coñecementos xerais e propios da especialidade amosados, etc. • Profesionalidade na defensa oral: Adecuación da exposición ao tempo dispoñible e á información que se precisa trasladar, capacidade de argumentación verbal sobre cuestións técnicas, capacidade para respostar convincentemente ás preguntas do Tribunal, uso acertado dos recursos materiais dispoñibles, etc. • Coherencia entre as obras presentadas, a memoria escrita e a defensa oral. 	Todas	20 %

MATRÍCULA DE HONOR

O tribunal poderá propor a Matrícula de Honor un TFE se, ademais de obter unha cualificación de 10, aprecia unha excepcional excelencia en aspectos técnicos e artísticos, tales como uso dos diferentes recursos instrumentais, dominio das técnicas compositivas empregadas, creatividade, madurez, profesionalidade do traballo realizado, etc.

7. BIBLIOGRAFÍA

Toda a Bibliografía das diferentes materias que compoñen a especialidade, con especial incidencia nas disciplinas de Composición e Instrumentación.

8. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>